

O SERGAS IMPROVISA UN PLAN PARA ATENCIÓN PRIMARIA BALEIRO E SEN RIGOR

As OOSS da Mesa Sectorial solicitamos unha Mesa Sectorial cunha serie de puntos na orde do día entre os que ía o **Plan de Ordenación de Recursos Humanos de Atención Primaria**.

O que fixo o SERGAS foi presentar un documento sen rigor, sen datos contrastados e sen unha análise real da situación. Non presenta un Plan, trata de vender fume!

Unha exposición improvisada con cifras sen base e sen unha mínima planificación, **coa única intención de xustificar a súa falta de previsión e tapar a crise que eles mesmos provocaron.**

O SERGAS fala da dispoñibilidade de médicas/os de familia e pediatras nos vindeiros anos, pero nin sequera é quen de facer unha análise seria do resto do persoal que traballa na sanidade nin das necesidades reais da poboación galega.

Chega cun texto que denomina **“Liñas de actuación de RRHH en atención primaria medidas”**, mais o único que trae **é un guión de intencións baleiras, sen negociación, sen calendario e sen compromiso ningún.**

Un documento que non busca mellorar o sistema, senón impoñer un novo modelo precarizado, fragmentado e afastado da realidade asistencial.

1

1. MEDIDAS RELACIONADAS COA SELECCIÓN E PROVISIÓN

a) Selección e estabilización:

Traen a idea, pero sen texto normativo e sen concreción, de que unha vez rematado un proceso de OPE, nos dous anos seguintes as “vacantes” que xurdan poderían cubrirse con persoal fixo indo a orde de prelación da OPE, as persoas que non colleron praza.

Esta medida din que podería estenderse a todas as categorías e ámbitos.

As prazas que se adxudicarían a estas persoas non serían ofertadas na primeira toma de posesión, o que xeraría desigualdades.

b) Difícil cobertura:

Trasladan ao documento os criterios do Ministerio sen máis, sen prazo para negocialos e sen os incentivos que irían asociados.

c) Promoción interna horizontal:



Nunha liña plasman unha “idea” de que podería haber esta promoción interna a través dun concurso de méritos, sen proposta real.

Que posteriormente analizaríase en que categorías e ámbitos se puidera levar a cabo.

2. MEDIDAS RETRIBUTIVAS

- Anuncian que se negociará o **sistema retributivo por TIS** para aquelas categorías que están cobrando por cartilla, que sería de aplicación non antes do 2027.

Desde CIG-Saúde lembramos que este sistema está comprometido desde hai anos e para todas as categorías que traballan en atención primaria. Non aceptamos deixar categorías fóra desta retribución.

- **Consolidación do grado (nivel)** para tódalas categorías: esta medida vai a través da lei de medidas deste ano e será para tódalas categorías de atención primaria e hospitalaria.

Aquelas persoas que estiveron nomeadas en postos de responsabilidade cun nivel retributivo superior ao da súa categoría, a lo menos 2 anos continuados ou 4 descontinuos, consolidarán nivel con independencia da categoría que sexa.

3. MEDIDAS ORGANIZATIVAS

a) Creación de postos itinerantes:

O SERGAS pretende estender aos PACs a creación de postos con varios centros adscritos, obrigando ao persoal a desprazarse.

CIG-Saúde denuncia que isto xa se está facendo pola vía de feito en atención primaria e esixe a eliminación desta práctica, que supón precarizar o emprego.

b) Plans de reforzo:

Non incorporan nada novo, só citan os plans que xa existen para o verán e períodos estivais.

c) Formación das/os PSX na Titulación de Técnicas/os Superior en Documentación Clínica e Administración Sanitaria:

O SERGAS elabora un plan coa Consellería de Educación para acreditar parte da formación necesaria para completar esta formación mediante acreditación de competencias profesionais.

Para sorpresa de CIG-Saúde, o SERGAS valora que as/os PSX con esta titulación traballen en atención primaria cun “complemento” sen reclasificar!



CIG-Saúde esixe a creación dos postos necesarios da categoría correspondente.

d) Plans funcionais dos PAC: ver folla informativa específica.

e) FEAP: ver folla informativa específica.

f) Plan de capacitacións das/os profesionais extracomunitarias/os pendentes de homologación: sen aclaracións, só indican que negociarán co Ministerio.

g) Enfermaría Familiar e Comunitaria / Pediatría:

O SERGAS informa da reconversión progresiva das prazas vacantes de enfermaría en especialistas pero sen plan nin previsión.

Di que proximamente negociarase o concurso específico de enfermaría familiar e comunitaria, sen data definida, e que aumentarán as prazas EIR.

4. MEDIDAS RELACIONADAS COA DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

Non concretan ningunha medida.

Falan da prioridade de que haxa titoras/es MIR de medicina de familia e comunitaria, pero sen proposta nin compensación.

Tamén indican, sen máis, que “potenciarán a investigación”.

3

5. MEDIDAS RELACIONADAS COA CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E COMUNITARIA

O SERGAS di que, na medida do posible, reconverterá prazas de tarde en deslizantes, pero non analiza centro a centro nin a viabilidade real.

Anuncian convenios con concellos para facilitar vivenda e aseguran que favorecerán a conciliación e flexibilización horaria, algo contradictorio tras anos de recortes e xustificacións pola falta de profesionais.



O documento presentado polo SERGAS é un insulto á intelixencia e ao traballo do persoal que sostén a sanidade pública galega.

Non hai planificación, non hai compromiso, non hai negociación. Só propaganda e improvisación.

A atención primaria colapsou, e o SERGAS, lonxe de asumir responsabilidades, continúa destruindo o servizo público e culpando ao propio persoal.

Desde CIG-Saúde afirmamos con rotundidade: **non imos permitir que se siga destruindo o modelo público de atención primaria nin que se imponha un modelo de precariedade e desigualdade tanto para as profesionais como para a poboación.**

A nosa posición é firme: **unha única categoría de médica/o de familia** na atención primaria, con prestación en atención ordinaria ou en PAC.

E tamén firme é a nosa resposta:

NON á categoría de FEAP, NON á imposición e NON ao engano.

Porque defender a atención primaria é defender a sanidade pública galega e o dereito da cidadanía a unha asistencia digna.

CIG-Saúde vai seguir denunciando, mobilizando e loitando.

CIG-SAÚDE – A forza das persoas que loitan pola sanidade pública!

